

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 6351** *Real decreto 317/2019, do 26 de abril, polo que se define a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025 e se regulan determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións de baixas emisións do réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

I

O artigo 27 da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Unión, e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, permite aos Estados membros excluír do réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea (en diante, RCDE UE) as instalacións que teñan a consideración de pequenas instalacións ou sexan hospitais, e estean suxeitas a medidas equivalentes en termos de redución de emisións de dióxido de carbono equivalente á participación no RCDE UE.

No ordenamento xurídico español, a disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, establece o réxime de exclusión de instalacións de pequeno tamaño e hospitais.

De acordo con esta disposición adicional, considéranse pequenos emisores as instalacións que notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa, para cada un dos tres anos precedentes á solicitude de asignación a que se refire o artigo 19 da lei, e que, cando realicen actividades de combustión, teñan unha potencia térmica nominal inferior a 35 megawatts (MW). Así mesmo, dispón que será o órgano autonómico competente quen poderá acordar, logo de informe do actual Ministerio para a Transición Ecolóxica, a exclusión das instalacións situadas no territorio da súa comunidade autónoma que teñan a consideración de pequenos emisores ou sexan hospitais, cando os respectivos titulares das instalacións o solicitasen e acreditasen o cumprimento dos requisitos establecidos.

De acordo con esta disposición adicional aprobouse o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño. O dito real decreto ten por obxecto determinar as medidas de mitigación que contribúen a unha redución de emisións equivalente á que comporta a participación no RCDE UE das instalacións de pequeno tamaño e dos hospitais para efectos da exclusión deste a partir do período de comercio que comezou en 2013 e conclúe no ano 2020, coñecido como a fase III do RCDE UE.

II

Para o ano 2030, a Unión Europea comprometeuse a cumprir co obxectivo de redución das emisións de, ao menos, un 40 % respecto dos niveis de 1990. Para conseguir este obxectivo de redución, os sectores incluídos no RCDE UE deberán alcanzar unha redución do 43% en relación cos niveis de 2005.

A Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814, entrou en vigor o 8 de abril de 2018.

Esta directiva introduce determinadas disposicións relacionadas coa exclusión de instalacións de baixas emisións do RCDE UE para o período de comercio 2021-2030 (coñecido como a fase IV do RCDE UE), dividido, pola súa vez, en dous períodos de asignación gratuíta de dereitos de emisión (2021-2025 e 2026-2030).

Para a fase IV do RCDE UE, a Directiva (UE) 2018/410 mantén o concepto de instalación excluída, aínda que o punto 34 do seu artigo 1 modifica o parágrafo segundo do punto 3 do artigo 27 da Directiva 2003/87/CE, dedicado á exclusión das pequenas instalacións suxeitas a medidas equivalentes de mitigación, sinalando que estas instalacións, no caso de que se reintroduzan no RCDE UE, permanecerán neste polo resto do período de asignación durante o que se reintroduciron.

Por outro lado, o punto 35 do artigo 1 da Directiva (UE) 2018/410 introduce un novo artigo 27 bis que permite aos Estados membros excluír do RCDE UE as instalacións con emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen ter en conta as emisións de biomasa. Non se prevé neste caso que estas instalacións deban realizar medidas de mitigación equivalentes.

En virtude do anterior, e dentro do paquete normativo que leva a cabo a adaptación do ordenamento xurídico español á fase IV do RCDE UE, aprobouse o Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030. No que se refire ás instalacións de pequeno tamaño e hospitais, este real decreto regula a solicitude de exclusión do RCDE UE para o período de asignación 2021-2025 e as solicitudes de asignación de dereitos de emisión das instalacións, e remite á normativa sobre medidas de mitigación equivalentes para aquelas instalacións que soliciten a exclusión e sobre as cales o órgano autonómico competente dite resolución expresa de exclusión. Ademais, o Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, regula, entre outras, determinadas cuestións relacionadas coa exclusión, para o período de asignación 2021-2025, das instalacións que emitiron menos de 2.500 toneladas, sen ter en conta as emisións da biomasa, durante o período 2016-2018. Neste sentido, as instalacións excluídas de conformidade co artigo 7 do dito real decreto non deben levar a cabo medidas consideradas equivalentes. Porén, no caso de que unha instalación excluída de conformidade co seu artigo 7.1 emitise 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, no transcurso dun mesmo ano civil do período de asignación, e o titular opte pola reintrodución da instalación ao RCDE UE, será de aplicación á dita instalación o establecido no presente real decreto para esas instalacións. Desta forma evítase o impacto negativo que as emisións destas instalacións poderían ter sobre o obxectivo de redución dos sectores non cubertos polo RCDE UE, do cal o Estado é responsable.

III

Na Unión Europea un número limitado de Estados membros fixo uso da posibilidade aberta no período 2013-2020 de excluír as instalacións de pequeno tamaño. Ademais, a implementación e as medidas equivalentes previstas en cada Estado membro difiren entre uns e outros. A Comisión Europea encargou un estudo sobre boas prácticas en materia de instalacións excluídas, en que se leva a cabo unha comparación da aplicación do réxime de exclusión das instalacións de pequeno tamaño nos diferentes Estados membros. O estudo pon de manifesto que determinadas medidas equivalentes son máis custo-eficientes que outras, especialmente no que se refire ás cargas administrativas. Así mesmo, o estudo realiza determinadas recomendacións aos Estados membros de cara á aplicación no período 2021-2030, por exemplo respecto da tipoloxía de medida equivalente máis apropiada e a súa forma concreta de aplicación.

Á hora de establecer as normas reguladoras para o período 2021-2025, debe tamén terse en conta a experiencia na aplicación deste réxime de exclusión en España no que transcorreu do período 2013-2020, cuxas competencias recaen, en gran medida, nas comunidades autónomas. Neste sentido, a modo de exemplo, observouse que, das tres medidas equivalentes que se prevían para o período 2013-2020 no Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, unicamente a primeira foi implementada de forma xeneralizada, é dicir, a

imposición da obriga ás instalacións de reducir as emisións nun 21 por cento en 2020 respecto do ano 2005.

En definitiva, como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa da Unión Europea para o período de comercio de dereitos de emisión 2021-2030, así como a experiencia europea e a do noso país respecto das instalacións de pequeno tamaño excluídas do RCDE UE, cómpre regular os aspectos relacionados coa exclusión de instalacións do réxime de comercio de dereitos de emisión e definir a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025, en virtude das disposicións adicionais cuarta e derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo. A presente regulación afecta o período de asignación 2021-2025.

IV

Este real decreto consta de nove artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

O artigo 1 refírese ao obxecto deste real decreto. Así, este define, por un lado, a medida de mitigación considerada equivalente, en termos de redución de emisións, á que comporta a participación no réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para efectos da exclusión do réxime no período 2021-2025 das instalacións de pequeno tamaño e dos hospitais, segundo o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo. Por outro lado, este real decreto regula determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións do RCDE UE, como son a reintrodución a este ou as cuestións relacionadas co seguimento, coa verificación e coa notificación das emisións, entre outras.

O artigo 2 do real decreto define as características básicas que debe ter a medida de mitigación, que deben concretar as distintas comunidades autónomas como responsables de acordar as exclusións, e á que as instalacións deberán acollerse para solicitar e facer efectiva a súa exclusión do RCDE UE.

Para este período 2021-2025 só se prevé un tipo de medida equivalente, tendo en conta a pouca aplicación práctica que no período 2013-2020 tiveron en España as outras medidas equivalentes previstas no Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, a escasa marxe temporal para implementar outro tipo de medidas antes do 30 de setembro de 2019, así como polo que se desprende da experiencia no resto dos Estados membros da Unión Europea que implementaron un réxime de exclusión.

Considérase como medida de mitigación equivalente a imposición da obriga a unha pequena instalación ou hospital de reducir as súas emisións de dióxido de carbono equivalente nun 32 por cento en 2025 con respecto ás emisións do ano 2005. A medida deberá prever, ademais do obxectivo a 2025, obxectivos ou compromisos anuais ao longo do período de asignación 2021-2025 que permitan comprobar e asegurar periodicamente que as emisións se encontran en niveis que permitirán alcanzar o obxectivo final.

Este obxectivo de reducir as emisións de dióxido de carbono equivalente nun 32 por cento en 2025 con respecto ás emisións do ano 2005 é a translación, para o período 2021-2025, do obxectivo asumido pola Unión Europea de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 43 por cento en 2030 respecto das emisións do ano 2005, tal e como se prevé, con carácter xeral, para o conxunto de instalacións suxeitas ao RCDE UE. O punto de partida na redución destas emisións é o obxectivo do menos 21 por cento en 2020, ou o que é equivalente, menos 23,2 por cento en 2021 respecto a 2005.

A obrigación de redución anual de emisións deberá comportar que, en cada un dos anos do período de asignación 2021-2025, o volume de emisións da instalación sexa inferior ao menor dos valores seguintes: a) 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa, ou b) o que resulte de aplicar ás emisións do ano 2005 unhas porcentaxes establecidas. Ademais, a comunidade autónoma en que se sitúe a instalación de pequeno tamaño ou o hospital poderá establecer volumes de emisión que correspondan a unha redución máis ambiciosa que os sinalados anteriormente.

Por outro lado, o real decreto establece que o órgano autonómico competente poderá adoptar previsións específicas para determinados supostos, en particular, cando as emisións do ano 2005 sexan notablemente anómalas, cando as instalacións de pequeno tamaño ou os hospitais iniciasen a súa actividade con posterioridade a 2005 e non se dispoña, polo tanto, dun dato de emisións para este ano, ou incrementasen a súa capacidade, polo que se considerarán novos entrantes. A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá adoptar recomendacións para estes supostos de acordo cunha serie de criterios.

Adicionalmente, sinálase que a obrigação poderá concretarse a través de calquera instrumento válido en dereito en que se garanta o seu carácter xuridicamente vinculante, de acordo co que estableza cada comunidade autónoma no ámbito das súas competencias.

O artigo 3 abre a posibilidade ás instalacións e aos hospitais suxeitos á medida de mitigación equivalente de empregar unha medida de flexibilidade para efectos de cumprimento da medida equivalente. Así, cando nun ano do período 2021-2025 o volume de emisións notificadas sexa inferior ao volume de emisións que corresponde co obxectivo asumido, as instalacións de pequeno tamaño e os hospitais poderán arrastrar a diferenza resultante entre ambos os volumes.

O artigo 4 establece que para o cumprimento da medida equivalente, cando nun ano do período 2021-2025 as emisións se sitúen por encima do volume determinado de conformidade co artigo 2, tendo en conta, de ser o caso, a posibilidade de arrastre establecida no artigo 3, as instalacións de pequeno tamaño ou hospitais deberán entregar ao Estado dereitos de emisión polo exceso de volume de emisión antes do 30 de abril do ano seguinte.

O artigo 5 prevé que o incumprimento desta medida se entenderá equivalente á comisión da infracción tipificada no artigo 29.2.5.^a da Lei 1/2005, do 9 de marzo, de acordo co previsto no punto 3 da disposición adicional cuarta da dita lei.

O artigo 6 do real decreto regula o contido do informe previsto na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

O artigo 7, co fin mellorar a seguridade xurídica respecto das instalacións excluídas, recolle a data en que se debe levar a cabo a notificación das emisións do ano precedente (antes do 31 de marzo). Ademais, nos artigos 4 e 5, respectivamente, establécense a data de entrega dos dereitos de emisión polo exceso de volume de emisión (antes do 30 de abril do ano seguinte) e a data para a remisión da información sobre o cumprimento dos compromisos adquiridos polas instalacións excluídas (antes do 31 de maio). Desta forma clarifícanse determinadas datas que resultan clave na aplicación do réxime de exclusión tanto polos titulares de instalacións como polos órganos autonómicos competentes e que, por outro lado, xa viñan aplicándose na práctica.

Así mesmo, este artigo establece a posibilidade de que a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático adopte recomendacións sobre os sistemas de seguimento, verificación e notificación de información sobre emisións aplicables ás instalacións excluídas, incluídas medidas simplificadas. Estas recomendacións poderán basearse no Regulamento de execución (UE) 2018/2066 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, sobre o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro en aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 601/2012 da Comisión. As recomendacións sobre medidas simplificadas de seguimento, verificación e notificación poderán ter como referencia as medidas para instalacións de baixas emisións previstas no artigo 47 do dito regulamento de execución, que inclúen, entre outras opcións, a presentación dun plan de seguimento simplificado, sempre que a autoridade competente estableza o formulario apropiado para a súa presentación, a exención de entregar os informes de mellora, ou a posibilidade de determinar as cantidades de combustible ou material baseándose nos rexistros de compras dispoñibles e documentados e nos cambios estimados nos niveis de existencias, sen a necesidade de presentar a avaliación da incerteza.

O artigo 8 aborda os aspectos relativos á reintrodución no RCDE das instalacións excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

Así, por un lado, estas instalacións deberán acometer a medida de mitigación equivalente establecida neste real decreto ata o ano en que emitan 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, incluído o ano en que superen este limiar, e tendo en conta a posibilidade de facer uso das flexibilidades establecidas nos artigos 3 e 4. Por outro lado, establécese a obrigaçión de que cando estas instalacións se reintroduzan no RCDE UE e que, ademais, solicitasen asignación gratuíta de dereitos de emisión, deberán contar cun plan metodolóxico de seguimento aprobado pola autoridade competente, e de acordo coas exixencias establecidas para o período 2021-2030 na normativa da Unión Europea.

O artigo 9 regula determinados aspectos relacionados coa reintrodución no réxime de comercio de dereitos de emisión das instalacións excluídas que emiten menos de 2.500 toneladas para o período 2021-2025. Así, este real decreto establece que no caso de que unha instalación excluída de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, supere nun mesmo ano tanto o limiar de 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, como o limiar de 25.000 toneladas, o titular deberá entregar un número de dereitos de emisión igual ao volume de emisións que supere as 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono. A entrega de dereitos de emisión deberá realizarse o ano seguinte a aquel en que se supere o limiar das 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa. Neste caso, a entrega de dereitos de emisión equipárase ao cumprimento dos obxectivos de redución previstos pola medida de mitigación equivalente. A finalidade deste artigo responde á necesidade de facer fronte a aqueles casos excepcionais en que determinadas instalacións superan os dous limiares nun mesmo ano, ao emitiren considerables volumes de emisións que, de non conter previsións específicas, pasan a incrementar o esforzo de redución das emisións dos sectores que non están regulados polo RCDE UE, ou sectores difusos, cuxa responsabilidade de cumprimento recae no Estado. Así mesmo, este artigo sinala que estas instalacións deberán, cando se introduzan de novo no réxime de comercio de dereitos de emisión e solicitasen asignación gratuíta, contar cun plan metodolóxico de seguimento aprobado e actualizado de conformidade coa normativa da Unión Europea.

A disposición adicional única habilita o Goberno para facer uso dos dereitos de emisión que fosen entregados polas instalacións excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e o artigo 7 do xa mencionado Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, para o cumprimento dos compromisos contraídos no marco da normativa da Unión Europea nos sectores non cubertos polo RCDE UE e do Acordo de París.

Por último, este real decreto consta, ademais, dunha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras, relativas aos títulos competenciais, ás referencias normativas e á entrada en vigor.

A disposición transitoria única establece que o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, continuará sendo de aplicación e manterá os seus efectos máis alá do 31 de decembro de 2020, en todo o relativo ao período 2013-2020.

A disposición derogatoria única derroga expresamente o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única.

A disposición derradeira primeira modifica o punto primeiro do artigo 7 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, para abordar aqueles casos onde hai datos históricos de emisións que poñen de manifesto de forma fidedigna que a instalación non pode ser considerada un pequeno emisor e que, por tanto, non debe ser excluída. Desta forma, exclúense do RCDE UE durante o período 2021-2025 as instalacións que en cada un dos anos do período 2016-2018 notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen contabilizar as emisións da biomasa, e que, ademais, en ningún ano, desde que contén cunha autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro, teñan inscritas na área española do Rexistro da Unión emisións superiores a 500.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono.

Este real decreto dítase en virtude da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, en que se habilita o Goberno para determinar mediante real decreto que medidas de mitigación se consideran equivalentes, así como, con carácter xeral, na habilitación para o desenvolvemento normativo que establece a disposición derradeira terceira da mencionada lei.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, esta norma xustifícase na necesidade de introducir no ordenamento xurídico as disposicións necesarias para a correcta implementación en España do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para o período 2021-2025. En particular, responde á necesidade de definir para o período 2021-2025 a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión exclusión de instalacións de pequeno tamaño, do mesmo modo que para o período 2013-2020 se levou a cabo mediante o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo. Así mesmo, responde á necesidade de regular outras cuestións relacionadas coa exclusión das instalacións de baixas emisións. A adopción deste real decreto é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución deste fin. Cúmrese o principio de proporcionalidade xa que a regulación se limita ao mínimo imprescindible no desenvolvemento da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, no período 2021-2025, no que se refire a definir que medida de mitigación se considera equivalente, así como a definir determinados aspectos relacionados coa exclusión. Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento, comprensión e aplicación e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas, empresas e órganos autonómicos; estes últimos terán un papel determinante na implementación do réxime de exclusión. En aplicación do principio de eficiencia, limítanse as cargas administrativas ás imprescindibles para a consecución dos fins descritos, sempre dentro do marco do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, e en cumprimento do artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, durante a tramitación deste real decreto realizouse a consulta pública previa e a audiencia e información públicas. Así mesmo, as comunidades autónomas foron consultadas no marco dos órganos colexiados establecidos en materia de cambio climático, e emitíronse os informes dos departamentos ministeriais.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado, e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto definir, para efectos da exclusión do réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025, a medida de mitigación que contribúa a unha redución de emisións equivalente á que comporta a participación no réxime de comercio das instalacións de pequeno tamaño e dos hospitais, segundo o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, así como regular determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións do réxime de comercio de dereitos de emisión.

Artigo 2. Medida considerada equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión.

1. Para os efectos previstos no punto 1 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, considerarase que constitúe unha medida de mitigación equivalente aquela pola que se obrigue unha instalación de pequeno tamaño ou un hospital a reducir as súas emisións nun 32 por cento en 2025 respecto das súas emisións do ano 2005.

2. A obrigação de redución anual de emisións deberá comportar que, en cada un dos anos do período de asignación 2021-2025, o volume de emisións da instalación sexa inferior ao menor dos valores seguintes:

a) 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, excluídas as emisións da biomasa, ou

b) O que resulte de aplicar ás emisións do ano 2005 as porcentaxes de redución seguintes:

2021	2022	2023	2024	2025
23,2 %	25,4 %	27,6 %	29,8 %	32,0 %

A comunidade autónoma en que estea situada a instalación de pequeno tamaño ou o hospital poderá establecer volumes de emisión que correspondan a unha redución máis ambiciosa que os sinalados nos puntos anteriores.

O órgano autonómico competente poderá adoptar previsións específicas para os supostos en que as emisións do ano 2005 sexan notablemente anómalas ou para os supostos en que as instalacións de pequeno tamaño ou os hospitais iniciasen a súa actividade con posterioridade a 2005 ou incrementasen a súa capacidade, polo que se considerarán novos entrantes. Para tal fin, a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá adoptar recomendacións para tales supostos.

3. A obrigação referida no punto 2 poderá concretarse a través de calquera instrumento válido en dereito en que se garanta o seu carácter xuridicamente vinculante e o cumprimento das disposicións establecidas neste real decreto. Para estes efectos, coa solicitude de exclusión que presenten os interesados poderase xuntar unha declaración do titular en que manifieste que asumirá, desde o momento en que se autorice a exclusión e durante o tempo en que lle sexa de aplicación o réxime de exclusión, a obrigação de redución sinalada neste artigo.

Artigo 3. Arrastre de cota de emisións no período 2021-2025.

Cando nun ano do período 2021-2025 o volume de emisións notificadas sexa inferior ao volume de emisións que corresponde co obxectivo asumido, as instalacións de pequeno tamaño e os hospitais poderán arrastrar a diferenza resultante entre ambos os volumes e engadila ao volume de emisións permitido no ano seguinte para efectos de cumprir co obxectivo.

O arrastre só se poderá levar a cabo dentro do período 2021-2025, sen que caiba a posibilidade de arrastrar a cota de emisións do 2025 ao período de asignación 2026-2030.

Artigo 4. Entrega de dereitos de emisión.

Cando nun ano do período de asignación 2021-2025 as emisións se sitúen por encima do volume determinado de conformidade co artigo 2, tendo en conta, de ser o caso, a aplicación da flexibilidade establecida no artigo 3, as instalacións de pequeno tamaño ou hospitais deberán entregar ao Estado dereitos de emisión polo exceso de volume de emisión antes do 30 de abril do ano seguinte. Considerarase que a realización desta operación de entrega implica o cumprimento da medida equivalente.

Artigo 5. *Incumprimento da medida equivalente.*

1. O órgano autonómico competente remitirá á Oficina Española de Cambio Climático a información sobre o cumprimento dos compromisos adquiridos polas instalacións excluídas antes do 31 de maio do ano seguinte a aquel en que se producisen as emisións.

2. De acordo co previsto no punto 3 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o incumprimento da medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025 entenderase equivalente á comisión da infracción tipificada no artigo 29.2.5.^a desa lei.

Artigo 6. *Informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica.*

Na emisión do informe previsto no punto 1 da disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o Ministerio para a Transición Ecolóxica valorará, ademais do cumprimento dos requisitos establecidos na lei e neste real decreto, os efectos que a exclusión de instalacións e a aplicación das medidas equivalentes poden ter sobre a competencia, o mercado interior e o interese dos consumidores.

Artigo 7. *Sistema de seguimento, verificación e notificación.*

1. Os titulares das instalacións excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e das instalacións excluídas de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030, deberán notificar ao órgano autonómico competente, antes do 31 de marzo, as emisións do ano precedente.

2. Sen prexuízo da competencia dos órganos autonómicos para establecer un sistema de seguimento e notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro previsto na disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático poderá adoptar recomendacións sobre os sistemas de seguimento, verificación e notificación de información sobre emisións aplicables ás instalacións de pequeno tamaño e aos hospitais, incluída a posibilidade de acollerse a medidas simplificadas de seguimento, verificación e notificación. Estas recomendacións poderán ter como referencia o Regulamento de execución (UE) 2018/2066 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, sobre o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro en aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 601/2012 da Comisión, incluídas as previstas no artigo 47 do dito regulamento de execución para as instalacións de baixas emisións.

Artigo 8. *Reintrodución no réxime de comercio de dereitos de emisión das instalacións de pequeno tamaño e hospitais.*

1. No caso de que unha instalación excluída de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, no transcurso dun mesmo ano civil emitise 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, deberá acometer a medida de mitigación equivalente establecida neste real decreto ata o ano en que supere tal limiar, incluído ese mesmo ano, consistente na entrega de dereitos de emisión polo exceso de volume de emisións, de acordo co artigo 4, e tendo en conta, cando proceda, a posibilidade de utilizar a cota de emisións arrastrada de anos anteriores, de conformidade co artigo 3 deste real decreto.

2. Así mesmo, as instalacións excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e os hospitais, que se introduzan de novo no réxime de comercio de dereitos de emisión e que solicitasen asignación gratuíta de acordo co artigo 6 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, deberán contar cun plan metodolóxico de seguimento aprobado e actualizado, de conformidade coa normativa da Unión Europea.

Artigo 9. *Aspectos relacionados coa reintrodución no réxime de comercio de dereitos de emisión das instalacións excluídas que emiten menos de 2.500 toneladas para o período 2021-2025.*

1. No caso de que unha instalación excluída de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, supere nun mesmo ano o limiar de 25.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono ou máis, sen contabilizar as emisións da biomasa, o titular deberá entregar un número de dereitos de emisión igual ao volume de emisións que supere as 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono. A entrega de dereitos de emisión deberá realizarse o ano seguinte a aquel en que se supere o limiar das 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono.

2. O incumprimento da obrigaición de entrega de dereitos entenderase equivalente á comisión da infracción tipificada no artigo 29.2.5.^a desa lei.

3. As instalacións excluídas de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, que se introduzan de novo no réxime de comercio de dereitos de emisión e que solicitasen asignación gratuita de acordo co artigo 6 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, deberán contar cun plan metodolóxico de seguimento aprobado e actualizado de conformidade coa normativa da Unión Europea.

Disposición adicional única. *Uso dos dereitos de emisión entregados polas instalacións excluídas para o cumprimento dos compromisos contraídos no marco da Unión Europea e do Acordo de París.*

Os dereitos de emisión que fosen entregados polas instalacións excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e co artigo 7 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, poderán ser empregados polo Goberno para o cumprimento dos compromisos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro contraídos no marco da normativa da Unión Europea nos sectores non cubertos polo réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea e do Acordo de París, do 12 de decembro de 2015, en vigor para España o 11 de febreiro de 2017.

Disposición transitoria única. *Regulación do período 2013-2020.*

O Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño, continuará sendo de aplicación e manterá os seus efectos máis alá do 31 de decembro de 2020 en todo o relativo ao período 2013-2020.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto e, en especial, o Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, sobre medidas de mitigación equivalentes á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión para efectos da exclusión de instalacións de pequeno tamaño.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.*

O punto primeiro do artigo 7 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Quedan excluídas do réxime de comercio de dereitos de emisión durante o período 2021-2025 as instalacións que en cada un dos anos do período 2016-2018

notificasen á autoridade competente emisións inferiores a 2.500 toneladas equivalentes de dióxido de carbono, sen contabilizar as emisións da biomasa, e que en ningún ano desde que contén cunha autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro teñan inscritas na área española do Rexistro da Unión emisións superiores a 500.000 toneladas equivalentes de dióxido de carbono. Os titulares destas instalacións non terán que solicitar a exclusión, sen prexuízo de que o órgano autonómico competente dite resolución expresa en que conste a exclusión da instalación e as medidas de seguimento, verificación e notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro que lle aplicarán.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a da Constitución española en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira terceira. *Referencias normativas.*

As referencias realizadas ao Real decreto 301/2011, do 4 de marzo, nos artigos 5.1, 5.3 e 7.2 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, entenderanse efectuadas ao presente real decreto no referente ao período 2021-2025.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ